



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### A CORUÑA

##### Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación

*Aprobación do IV Plan de igualdade do persoal do Concello da Coruña*

##### ANUNCIO

##### APROBACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DO PERSOAL DO CONCELLO DA CORUÑA.

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o 10 de maio de 2023 adoptou, o seguinte acordo:

- 1.–Aprobar o IV Plan de Igualdade para o persoal do Concello da Coruña (2023-2027) (código de verificación OE506Q3K302V626TOX05) coa finalidade de seguir afianzando na cultura interna do concello o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes, que se achega no presente expediente.
- 2.–Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e difusión do mesmo entre todo o persoal municipal e a súa representación legal, dando resposta ao principio de transparencia na implantación dun plan de igualdade recollido no artigo 47 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- 3.–Proceder ao rexistro do IV Plan de Igualdade para o persoal do Concello da Coruña (2023-2027) segundo o disposto na Resolución de 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Función Pública.

Aos efectos de dar cumprimento ó establecido no apartado 2 do devandito acordo, publícase o presente anuncio para a publicidade do IV Plan de Igualdade do personal do Concello da Coruña.

A Coruña 15 de maio de 2023

A Directora de Área de Igualdade, Benestar Social e Participación

Carmen Pita Seijas.

## IV PLAN DE IGUALDADE PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA

Índice

SAÚDA CONCELLEIRA/ALCALDESA

PRESENTACIÓN

FASES DE ELABORACIÓN E METODOLOXÍA

MARCO NORMATIVO

ÁMBITO DE ACTUACIÓN E VIXENCIA

PRINCIPIOS REITORES

OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

ESTRUTURA

LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

PLAN DE ACCIÓN

- Liña 1. Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero
- Liña 2. Igualdade no acceso ao emprego público e na promoción interna
- Liña 3. Formación en materia de igualdade
- Liña 4. Igualdade retributiva
- Liña 5. Conciliación e corresponsabilidade
- Liña 6. Saúde laboral e prevención de riscos laborais
- Liña 7. Prevención do acoso e actuación fronte a violencia de xénero e outras violencias machistas
- Esquema do Plan de Acción

Liña 1. Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero

Liña 2. Igualdade no acceso ao emprego público e na promoción interna

Liña 3. Formación en materia de igualdade

Liña 4. Igualdade retributiva

Liña 5. Conciliación e corresponsabilidade

Liña 6. Saúde laboral e prevención de riscos laborais

Liña 7. Prevención do acoso e actuación fronte a violencia de xénero e outras violencias machistas

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO IV PLAN

BIBLIOGRAFÍA

## SAÚDA CONCELLEIRA/ALCALDESA

A loita pola igualdade das mulleres é o maior motor de cambio social no noso país. A conquista da igualdade é un traballo diario, constante, en todos os ámbitos: o educativo, o laboral, o da corresponsabilidade no fogar, o dos cuidados...

Cómpre ser conscientes que, se ben imos conquistando dereitos e acadando grandes logros, aínda queda moito por facer en materia de igualdade e na erradicación da violencia de xénero e outras violencias machistas. De aí que as Administracións debamos ser un exemplo a seguir na integración da perspectiva de xénero en todos os ámbitos de traballo, constituíndose nun modelo de referencia para as entidades do tecido empresarial e asociativo e, en definitiva, a cidadanía no seu conxunto.

Acadar unha igualdade real, plena e efectiva entre mulleres e homes deber ser un dos grandes obxectivos da nosa sociedade pois, sen igualdade, non hai xustiza social. E, para isto, o papel das Administracións é fundamental.

Dentro das Administracións, a participación das mulleres no cadro de persoal é notorio. No caso concreto do Concello da Coruña, a súa participación foi incrementándose ano tras ano, ata acadar unha presenza equilibrada, á par que os homes.

Desde a aprobación do noso I Plan de Igualdade, as experiencias e coñecementos acumulados ao longo dos anos permítenos mellorar e facer máis eficiente a nosa actuación. A integración do principio de igualdade de oportunidades require dun traballo continuo e conxunto, adaptado e axeitado a cada momento, e ao devir da sociedade e da propia institución.

Desde o Concello da Coruña continuamos a desenvolver políticas e accións que poidan converterse en pedras angulares, que faciliten o camiño cara unha maior igualdade. Mostra disto é a aprobación deste IV Plan de Igualdade para o Persoal Municipal do Concello da Coruña, que abrangue o período 2023-2027, e ten como finalidade seguir avanzando na incorporación do principio de igualdade de oportunidades entre o persoal municipal, potenciando o mainstreaming de xénero e involucrando a todas as áreas e departamentos municipais.

O contido deste IV Plan de Igualdade para o Persoal Municipal do Concello da Coruña, froito dun proceso participativo dirixido ao conxunto do persoal municipal, busca dar resposta aos aspectos de mellora detectados na diagnose realizada a través dun Plan de Acción Estratéxico que involucra ao persoal municipal de todas as áreas.

Neste senso, o compromiso do goberno do Concello da Coruña é o de seguir avanzando na consecución do principio de igualdade de oportunidades, tanto dentro da propia institución como de cara á cidadanía.

Grazas polo vosa labor e compromiso, o cal desexamos redunde en acadar maiores niveis de igualdade e equidade.

Sen vós, este IV Plan de Igualdade non sería posible.

## PRESENTACIÓN

A igualdade é un dereito humano fundamental e, como tal, un valor central para a consecución dunha sociedade democrática e sostible. A igualdade de xénero e de oportunidades entre mulleres e homes é un pilar necesario para garantir os nosos dereitos. Así e todo, o progreso cara unha igualdade real camiña paseniño, pero sen pausa. Tal e como recollen os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, reducir as desigualdades e garantir que ninguén quede atrás é fundamental para a consecución dun mundo máis xusto, máis igualitario.

É necesario ter en conta que os avances neste eido están directamente relacionados cos esforzos e o compromiso por parte das institucións e a sociedade para a detección das desigualdades existentes entre mulleres e homes e a posterior posta en marcha de políticas estratéxicas de igualdade dirixidas á súa corrección.

O Concello da Coruña, como Administración Pública, ten a obriga de respectar e traballar en favor da igualdade, como así o determina o mandato constitucional e as leis vixentes a nivel internacional, estatal e autonómico. O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público na súa disposición adicional sétima en referencia aos Plans de igualdade recolle que:

1. As Administracións Públicas están obrigadas a respectar a igualdade de trato e de oportunidades no ámbito laboral e, con esta finalidade, deberán adoptar medidas dirixidas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes.

2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as Administracións Públicas deberán elaborar e aplicar un plan de igualdade a desenvolver no convenio colectivo o acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable, en termos previstos no mesmo.

O compromiso do Concello coa igualdade atópase ademais materializado na normativa interna, a través da Ordenanza Municipal da Coruña para a Igualdade na Diversidade, do ano 2019, que dedica o seu Capítulo III ao Plan de Igualdade Municipal. Por outra banda, a Instrución de Transversalidade de Xénero, do ano 2016 serve tamén como instrumento de eliminación de situacións de discriminación, propoñendo no seu punto cuarto os seguintes criterios para a transversalidade:

- Comunicación incluínte e non sexista.
- Recollida de datos e estatísticas da realidade diferenciada de mulleres e homes.
- Promoción da igualdade en contratos, subvencións e convocatorias públicas.
- Promoción da igualdade no acceso e utilización dos servizos municipais.
- Formación municipal para a igualdade de xénero.
- Formación municipal en metodoloxías colaborativas e participativas.
- Informes de impacto de xénero.

Así, o Concello da Coruña vén de elaborar o seu IV Plan de Igualdade para o persoal municipal respondendo ao seu compromiso adquirido co principio de igualdade entre mulleres e homes. Con este Plan, busca continuar avanzando na consecución da igualdade real e efectiva das traballadoras e traballadores municipais, pois o cadro persoal é un dos piares fundamentais na acción de goberno.

Un Plan de igualdade é un instrumento cuxo obxectivo é traballar en prol da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. A Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes defíneo no seu artigo 46 como “un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de realizar unha diagnose de situación, tendentes a acadar na empresa a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a eliminar a discriminación por razón de sexo. Os plans de igualdade fixarán os concretos obxectivos de igualdade a alcanzar, as estratexias e prácticas a adoptar para a súa consecución, así como o establecemento de sistemas eficaces de seguimento e avaliación dos obxectivos fixados”.

O IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña está constituído por unha serie de medidas de acción dirixidas ao persoal que traballa neste Concello coa finalidade de seguir transformando a cultura interna da organización e que a igualdade entre mulleres e homes sexa fundamental nas relacións humanas e na xestión dos recursos, contribuíndo á xustiza social no eido municipal.

Moitas das medidas e accións contempladas nos anteriores Plans supuxeron un importante avance en materia de igualdade. Algunhas delas, seguen a precisar de continuidade para que se consoliden na estrutura de traballo e na xestión municipal dos recursos. Outras, foron deseñadas a partir da detección de necesidades na diagnose realizada para a elaboración deste IV Plan.

Así, coa elaboración deste IV Plan búscase dotar ao Concello da Coruña dun novo marco de actuación para que a cultura organizativa continúe a ser un valor central desde o Concello.

Tanto a diagnose como o IV Plan xorden dun proceso participativo no que se traballou co persoal municipal -especialmente das áreas de Igualdade e Recursos Humanos- coa finalidade de recoller as percepcións de todo o cadro de persoal municipal, as súas visións, suxestións, necesidades e problemáticas. Estas achegas definiron as prioridades e a optimización dos recursos, os obxectivos que se perseguen e a planificación das medidas a desenvolver nos próximos anos.

O proceso de elaboración do presente IV Plan de Igualdade iniciouse coa constitución da Comisión Negociadora, conformada polo persoal do Concello e a representación sindical. Como resultado deste traballo, preséntase o IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña.

#### **FASES DE ELABORACIÓN E METODOLOXÍA**

O IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña desenvolveuse nunha sucesión de fases, empregando diferentes técnicas e ferramentas metodolóxicas para, por unha banda, optimizar a recollida de información e, pola outra banda, favorecer a participación do persoal municipal.

Así, as principais fases na elaboración do IV Plan foron as seguintes:

##### **1. Compromiso do Concello da Coruña**

Como primeiro paso para a elaboración do IV Plan de Igualdade do persoal municipal do Concello da Coruña, a Administración municipal e as forzas sindicais presentes na mesma, adoptaron o compromiso de seguir traballando para integrar a igualdade de trato e oportunidades no organismo municipal. Así se comunicou a todo o cadro do persoal municipal, informándolle do inicio do procedemento.

##### **2. Constitución da Comisión negociadora**

Ao tempo, constituíuse a Comisión Negociadora conformada por representantes do Concello da Coruña e das distintas forzas sindicais, e deuse a coñecer a todo o cadro de persoal a posta en marcha dos traballos para a elaboración do IV Plan.

### 3. Investigación

Analizáronse os anteriores Plans de Igualdade do Concello e os diferentes informes de avaliación sobre a súa implementación. Á vez, realizouse unha revisión do marco normativo vixente, planificando a elaboración do IV Plan aos requirimentos normativos actuais, e unha análise das principais fontes de información estatísticas e documentais.

### 4. Recompilación de información

Recolleuse información a partir da aplicación de cuestionarios entre o cadro de persoal municipal e das reunións técnicas con axentes chave do Concello das áreas de Igualdade e Recursos Humanos.

### 5. Realización da diagnose

Nesta fase, analizáronse os datos cuantitativos e cualitativos obtidos a partir dos cuestionarios e as entrevistas arredor dos seguintes aspectos:

- Características socio-demográficas e socio-laborais do persoal municipal;
- Acceso ao emprego e provisión a postos de traballo;
- Procesos de selección e contratación;
- Clasificación profesional;
- Promoción profesional;
- Formación no posto de traballo;
- Condicións de traballo e retribucións económicas;
- Conciliación e corresponsabilidade;
- Representación de mulleres e homes nos diferentes departamentos;
- Saúde laboral e prevención de riscos;
- Políticas de prevención do acoso sexual e por razón de sexo;
- Emprego da linguaxe e a comunicación.

Tras a análise realizada, redactouse unha diagnose onde se recolleron os resultados obtidos, as principais problemáticas e necesidades detectadas a traballar no IV Plan.

### 6. Deseño das medidas e accións

Definíronse os obxectivos xerais e específicos e as medidas a desenvolver para darlles resposta. Respecto a estas últimas, elaboráronse fichas para cada unha das medidas, os indicadores de seguimento e avaliación, a calendarización para a súa execución e as áreas responsables de facelo, así como unha serie de pautas para o seu seguimento e avaliación.

### 7. Redacción do IV Plan de Igualdade

Elaboración e aprobación do documento final do IV Plan de Igualdade.

## MARCO NORMATIVO

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos e instrumentos xurídicos desenvolto a nivel internacional, estatal, autonómico e local, que obrigan ás Administracións públicas de todos os niveis territoriais a traballar na erradicación das discriminacións que dificultan acadar dun xeito real e efectivo a igualdade entre mulleres e homes.

#### Ámbito internacional

A nivel internacional, son múltiples os tratados internacionais sobre dereitos humanos que recollen o principio de igualdade como pilar fundamental. Destacando neste ámbito a Axenda 2030. Obxectivos de desenvolvemento Sostible do ano 2015, por ser o referente máis actual a nivel internacional en materia de igualdade. Esta Axenda para o Desenvolvemento sostible promove o compromiso internacional para a consecución da igualdade de xénero a través do obxectivo número 5 e, de xeito transversal, noutros dos obxectivos de desenvolvemento sostible de dita axenda.

#### Ámbito europeo

A nivel europeo tamén hai múltiples normativas e directivas que velan pola inclusión da perspectiva de xénero nas axendas políticas dos países membros e, con isto, avanzar na consecución dunha igualdade real e efectiva. Entre elas, destacar a Estratexia de igualdade de xénero da Unión Europea 2025, por canto orienta o rumbo da política europea nesta materia. Final del formulario

### Ámbito estatal

A nivel estatal, a Constitución española recolle no seu Artigo 14 o dereito á igualdade e a non discriminación por razón de sexo, en consonancia coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Ademais, o Artigo 9.2. estipula a obriga que teñen os poderes públicos de promover as condicións que fagan posible a igualdade real e efectiva das persoas. A Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, establece a transversalidade como unha estratexia para avanzar na consecución da igualdade de mulleres e homes desde as políticas públicas. É por isto que as Administracións públicas deberán integrar o principio de igualdade de oportunidades e de trato dun xeito activo no conxunto de todas as súas actividades.

Entre a normativa estatal, destacar ademais o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Segundo a Disposición adicional sétima, as Administracións Públicas teñen a obriga de respectar a igualdade de trato e oportunidades no ámbito laboral, e de elaborar e aplicar un plan de igualdade.

Pola súa banda cómpre destacar tamén o Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e modifícase o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo. Esta lexislación aborda polo miúdo a elaboración, rexistro e implementación dos Plans de Igualdade. Se ben se trata dunha lexislación non específica para a Administración Pública, parte do seu contido pode ser extrapolable para a mesma.

### Ámbito autonómico

A nivel autonómico, o Estatuto de Autonomía de 1981, no seu Artigo 4.2. determina que corresponde aos poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia promover as condicións propicias para que a igualdade e a liberdade das persoas sexan efectivas e reais, á vez que deben contribuír a erradicar aqueles obstáculos que impiden o seu avance. Ademais do Estatuto de Autonomía, Galicia conta cun amplo marco normativo en materia de igualdade, do que podemos destacar pola súa relación directa na elaboración do IV Plan de Igualdade o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Cómpre destacar tamén o VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes como plan director das políticas de igualdade da Administración autonómica no horizonte 2027.

### Ámbito municipal

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu Artigo 21 recolle dun xeito explícito que entidades locais teñen que integrar, no exercicio das súas competencias, o principio de igualdade, colaborando, para isto, co resto de Administracións Públicas. Na mesma liña, lembrar que o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público recolle que as Administracións Públicas deberán elaborar e aplicar un plan de igualdade a desenvolver no convenio colectivo ou acordo de condicións de traballo do persoal traballador.

Nesta liña, o Concello da Coruña leva anos traballando en consonancia co compromiso adquirido en prol da igualdade. Exemplo disto é a elaboración de tres Plans de igualdade previos ao que aquí nos incumbe (IV Plan), así como a elaboración de normativa propia como a Instrución para a transversalidade de xénero, que data do ano 2016 e a Ordenanza municipal da Coruña para a igualdade na diversidade, que data do 2019. A Ordenanza municipal establece os principios en materia de igualdade de xénero que teñen que rexer a actuación dos órganos de goberno e xestión do Concello da Coruña, así como os servizos municipais que se ofrecen no ámbito da súa competencia.

En materia de acoso o Concello da Coruña conta co Protocolo de actuación en casos de acoso sexual, moral e por razón de xénero, do Concello da Coruña, do ano 2014 que se constitúe nun instrumento a través do cal se materializan os compromisos de información, prevención, mediación e supresión de condutas en materia de acoso moral, sexual ou por razón de xénero.

En materia de contratación municipal cómpre facer referencia á Instrución sobre contratación pública estratéxica do Concello da Coruña, do ano 2015, a cal recolle no seu obxecto a regulación da inclusión de cláusulas estratéxicas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexen a contratación pública no Concello da Coruña. A estes efectos, terán a consideración de cláusulas estratéxicas as que persigan a consecución de finalidades sociais e ambientais, igualdade de homes e mulleres, inclusión social e comercio xusto, e poderán articularse como criterios de valoración das ofertas, condicións de execución do contrato ou determinacións de cumprimento obrigatorio para os licitadores e/ou contratistas.

### ÁMBITO DE ACTUACIÓN E VIXENCIA

O IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña ten unha vixencia de 4 anos desde a súa aprobación en Xunta de Goberno Local. O devandito IV Plan seguirá en vixencia ata que non sexa aprobado o seguinte Plan.

O IV Plan será de aplicación a todo o cadro de persoal, independentemente da súa relación de emprego co Concello da Coruña.

O Plan elaborouse e negociouse no seo da Comisión Negociadora, composta por representantes da Administración municipal e das diferentes forzas sindicais presentes no Concello, lexitimadas para a negociación colectiva en nome do conxunto do persoal traballador.

A Comisión Negociadora estivo composta por:

- 1 persoa de CSIF (Central Sindical Independente e de Funcionarios)
- 1 persoa de UXT (Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores)
- 1 persoa de CIG (Confederación Intersindical Galega)
- 1 persoa de CCOO (Comisións Obreiras)
- 1 persoa de Servizo de Recursos Humanos
- 2 persoas de Servizo de Igualdade e Diversidade
- 1 persoa de Dirección de Economía, Facenda e Réxime Interior

Así mesmo, esta Comisión Negociadora ten a competencia e a responsabilidade de:

1. Acordar os diferentes ámbitos de estudo para a elaboración da diagnose previa á realización do IV Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña.

2. Coñecer e aprobar os datos e o informe dos resultados obtidos na diagnose previa.

3. Establecer as medidas de actuación que formarán o IV Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña, así como os recursos materiais, económicos e humanos necesarios para a súa implementación.

4. Revisar e definir os indicadores de medición e os instrumentos de recollida de información precisos para realizar o seguimento e avaliación do IV Plan de Igualdade do Persoal Municipal do Concello da Coruña.

5. Impulsar a difusión do IV Plan dentro da entidade e promover a súa implementación, propoñendo e participando nas accións de información que se poñan en marcha.

6. Propoñer e aprobar, se procede, modificacións sobre o funcionamento da Comisión Negociadora.

#### **PRINCIPIOS REITORES**

O IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña contempla os seguintes principios reitores:

##### **Transversalidade**

O Consello Económico e Social das Nacións Unidas definiu a transversalidade de xénero como o proceso de valorar as implicacións que ten, para homes e mulleres, calquera acción que se planifique. É unha estratexia para acadar que as preocupacións e experiencias das mulleres e homes, sexan parte integrante da elaboración, posta en marcha, control e avaliación das políticas e dos programas en todas as esferas (política, económica e social).

##### **Interseccionalidade**

A interseccionalidade supón o recoñecemento da incidencia cruzada de diferentes factores de exclusión e discriminación social. Isto é, recoñecer que existen outros sistemas de opresión –clase, raza, etnia, orixe, discapacidade, etc.- que interseccionan coa variable xénero, dando lugar a situacións de discriminación múltiple.

##### **Participación**

A participación busca a implicación de todo o persoal municipal, velando pola súa presenza nos procesos de toma de decisións. O IV Plan promove a xeración de espazos e canles que propicien a participación do maior número posible de persoas que traballan na Administración municipal na implementación, seguimento e avaliación das medidas do devandito Plan.

##### **Apoderamento**

As mulleres representan máis do 50% da poboación e, como tal, a política pública municipal ten que buscar favorecer a súa posición persoal e colectiva dentro da Administración municipal. Así, apoiar o poderamento das mulleres é requisito indispensable para a transformación social cara a igualdade, contribuíndo a fortalecer as súas competencias e capacidades e, con iso, o seu acceso aos postos vencellados coa toma de decisións.

##### **O galego como lingua vehicular**

Todas as actuacións e medidas de desenvolvemento do plan de igualdade terán en conta o idioma galego como lingua vehicular vertebradora do IV Plan de Igualdade para o persoal municipal, en cumprimento da Ordenanza Municipal reguladora do uso da lingua galega no Concello da Coruña.

## Innovación

O Concello da Coruña aposta pola innovación incorporando cambios nos procesos de actuación, nas estruturas institucionais, nos valores organizativos e nas ferramentas de análise dirixidas a medir con perspectiva de xénero as medidas implementadas.

Ademais, o Concello da Coruña comprométese a respectar e aplicar os principios de igualdade e tutela contra a discriminación, recollidos no Título I da Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, destacando entre eles os seguintes:

- Principio de igualdade de trato entre mulleres e homes.
- Integración do principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas.
- Igualdade de trato e oportunidades no acceso ao emprego, na formación, na promoción profesional e nas condicións de traballo.
- Loita contra toda discriminación (directa e indirecta) por razón de sexo.
- Loita contra todo tipo de acoso sexual e acoso por razón de sexo.
- Velar polo cumprimento da normativa en materia de discriminación por embarazo ou maternidade.
- Accións positivas.

## OBXECTIVOS E LIÑAS DE ACTUACIÓN

A continuación recóllense os obxectivos xerais e os obxectivos específicos que se buscan acadar coa implementación deste IV Plan de Igualdade para o persoal municipal do Concello da Coruña.

### Obxectivos Xerais

- Consolidar o compromiso do Concello da Coruña coa igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, loitando para o mantemento dunha contorna laboral libre de calquera discriminación por razón de sexo, orientación sexual, identidade e expresión de xénero en materia de selección, contratación, formación, promoción, saúde laboral e retribución económica.
- Seguir avanzando na implementación da transversalidade de xénero no funcionamento xeral do Concello da Coruña e nas diferentes áreas, departamentos e servizos, especialmente no que á xestión dos recursos humanos se refire.
- Avanzar na igualdade do Concello da Coruña afrontando as situacións de desigualdade entre mulleres e homes detectadas a partir da avaliación do anterior III Plan e na elaboración da diagnose previa e este IV Plan.

### Obxectivos Específicos

- Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.
- Sensibilizar ao persoal na igualdade de oportunidades.
- Garantir que os procedementos de selección, acceso ao emprego público e a participación interna se rexan polo principio de igualdade de trato e de oportunidades.
- Fomentar a formación en igualdade do persoal do Concello da Coruña e facer efectivo o principio de igualdade de forma transversal.
- Manter un sistema retributivo no que se respecten os principios de obxectividade, equidade e non discriminación por razón de sexo.
- Garantir a ausencia de discriminación –sexa esta directa ou indirecta–.
- Fomentar a corresponsabilidade entre o persoal traballador, difundindo e dando a coñecer as diferentes medidas de conciliación para a vida persoal, familiar e laboral coas que conta o Concello da Coruña.
- Contribuír a mellora da saúde e calidade de vida do persoal municipal mediante a información e prevención, promovendo condutas e hábitos saudables e integrando a perspectiva de xénero.
- Promover unha contorna laboral exenta de violencias machistas.

## ESTRUTURA

De acordo ás necesidades e problemáticas detectadas na diagnose, aos obxectivos xerais, aos obxectivos específicos e as áreas de intervención, o IV Plan estrutúrase arredor de 7 liñas estratéxicas de actuación:

1. Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero
2. Igualdade no acceso ao emprego público e na promoción interna



3. Formación en materia de igualdade
4. Igualdade retributiva
5. Conciliación e corresponsabilidade
6. Saúde laboral e prevención de riscos laborais
7. Prevención do acoso e actuación fronte á violencia de xénero e outras violencias machistas.

En cada unha das liñas determínanse os obxectivos que se pretenden acadar, así como as medidas para a súa consecución.

As medidas propostas elaboráronse a partir dos resultados obtidos na diagnose, sendo un compendio de:

- Propostas achegadas por parte do persoal municipal;
- Medidas complementarias deseñadas a partir das áreas de mellora e problemáticas detectadas na diagnose;
- Medidas recollidas en anteriores Plans ás que se lle quere dar continuidade.

Deste xeito, as medidas propostas teñen que ver, en termos xerais, cos seguintes propósitos:

- Dar continuidade aos avances en materia de igualdade que se puxeron en marcha a través de anteriores medidas e accións recollidas en anteriores Plans de Igualdade.
- Establecer estratexias para intervir sobre as necesidades detectadas.

Ademais, en cada unha das medidas especificáanse:

- O obxectivo xeral e o obxectivo específico ao que buscan dar resposta;
- As áreas responsables para a súa implementación;
- O calendario previsto para a súa execución;
- Os indicadores de seguimento e avaliación para a súa medición.

## LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

O Concello da Coruña mantén un compromiso político e social co establecemento dunha cultura organizativa baseada no principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes. Para isto, ademais de sentar as bases para acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria, é fundamental promover a igualdade tamén a nivel interno, isto é, no funcionamento da propia Administración municipal. Deste xeito, as liñas estratéxicas de actuación que a continuación se recollen buscan seguir avanzando na consecución da igualdade entre o persoal traballador, continuando cos labores iniciados en Plans de igualdade anteriores.

### LIÑA 1. Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero

O Concello da Coruña, como institución pública, ten a responsabilidade de traballar en prol da igualdade. Para isto, é necesario que todo o persoal técnico adquiera progresivamente os coñecementos necesarios nesta materia. Para isto, cómpre asegurar transparencia institucional e levar unha medición e seguimento das medidas implementadas e os avances realizados.

As medidas que nesta liña de actuación se recollen van dirixidas a incorporar dun xeito transversal a perspectiva de xénero e o principio de igualdade de trato e de oportunidades en toda a Administración municipal. Pois, no ámbito das políticas públicas, resulta ineludible a transversalidade ou mainstreaming de xénero e a súa aplicación á acción do goberno municipal no conxunto das diferentes políticas para conseguir unha sociedade máis xusta, participativa e democrática.

Na mesma liña, é necesario tamén prestarlle moita atención á comunicación e á linguaxe empregada xa que ten un forte impacto na erradicación de estereotipos, prexuízos e roles de xénero.

### Obxectivos xerais

OX 1.1	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.
OX 1.2	Sensibilizar ao persoal na igualdade de oportunidades.

**Obxectivos específicos**

OX 1.1	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello
OE 1.1.1	Afondar e afianzar no concepto e aplicación do principio de transversalidade na planificación, xestión e funcionamento das políticas públicas do Concello.
OE 1.1.2	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.
OE 1.1.3	Sistematizar o uso dunha comunicación non sexista e inclusiva. Velar polo emprego dunha linguaxe e imaxe non sexista.

OX 1.2	Sensibilizar ao persoal na igualdade de oportunidades.
OE 1.2.1	Promover o coñecemento do IV Plan de Igualdade entre o persoal municipal.
OE 1.2.2	Iniciar canles de participación de cara a execución do IV Plan de Igualdade e elaboración de futuros plans.

**Liña 2. Igualdade no acceso ao emprego público e na promoción interna**

Nas últimas décadas déronse grandes avances en materia de xénero e, en consecuencia, produciuse unha importante incorporación das mulleres ao ámbito laboral, acadando as Administracións Públicas un gran protagonismo neste feito.

Con esta liña de actuación búscase garantir o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en relación aos recursos humanos e a súa xestión.

**Obxectivo xeral**

OX 2	Garantir que os procedementos de selección, acceso e provisión ao emprego público e a participación interna se rexan polo principio de igualdade.
------	---

**Obxectivos específicos**

OE 2.1	Incluír a perspectiva de xénero en todas as fases dos procedementos de acceso ao emprego.
OE 2.2	Fomentar a paridade nos órganos e tribunais de selección.
OE 2.3	Incentivar, dentro do mesmo nivel, a presenza de mulleres e homes co fin de evitar a segregación horizontal.
OE 2.4	Incentivar o acceso ao emprego público das mulleres en postos masculinizados e dos homes en postos feminizados.
OE 2.5	Continuar cos traballos en prol da transparencia e visibilidade dos procesos selectivos de contratación de persoal.

**Liña 3. Formación en materia de igualdade**

A incorporación das mulleres a esta Administración pública nas últimas décadas é salientable. Así o sinalan os traballos de diagnose no marco deste IV Plan, pois os resultados arrojan unha evolución constante no ingreso das mulleres no Concello da Coruña. Non obstante, tamén sinalan que seguen a darse dinámicas de segregación horizontal e de segregación vertical nalgunhas áreas e departamentos. Isto é, seguen a darse diferenzas entre a situación dos e das traballadoras municipais.

E se ben estas diferenzas son dificilmente abordables no medio-curto prazo desde a política municipal –pois a segregación e a participación diferencial son problemáticas sociais de profundo carácter estrutural-, así e todo, o Concello da Coruña quere reforzar o seu compromiso co fomento da formación e promoción das súas traballadoras, contribuíndo á redución da división sexual do traballo.

Deste xeito, o Concello da Coruña busca seguir avogando pola formación das mulleres e a súa promoción interna, incentivando a súa participación –especialmente naqueles ámbitos onde están menos representadas-, potenciando as súas habilidades para o liderado. Así, nesta liña de actuación recóllense medidas para o fomento da igualdade de oportunidades nos procesos de promoción profesional para todas as persoas do cadro de persoal municipal e a súa participación nas accións formativas que o fagan posible, así como aquelas medidas vencelladas ao desenvolvemento da formación e coñecemento en materia de igualdade, sendo tamén ferramentas para diminuír a segregación vertical e horizontal.

**Obxectivos xerais**

OX 3	Fomentar a formación en igualdade do persoal do Concello da Coruña e facer efectivo o principio de igualdade de forma transversal.
------	--

**Obxectivos específicos**

OE 3.1	Realizar accións formativas en materia de igualdade dirixidas a todo o persoal no Plan de Formación.
OE 3.2	Planificar accións formativas especializadas en materia de igualdade para a progresiva incorporación da perspectiva de xénero nos distintos servizos municipais (formación en violencia de xénero para a Policía Local, en igualdade para a negociación colectiva na representación sindical, nos procesos de selección, nos orzamentos municipais etc.).
OE 3.3	Establecer mecanismos para asegurar que a información relativa ao Plan de Formación chega a todo o persoal municipal.
OE 3.4	Velar pola incorporación de contidos de igualdade nos temarios dos procesos selectivos.
OE 3.5	Incentivar a participación do persoal con cargos de responsabilidade, nos procesos formativos en materia de igualdade.
OE 3.6	Valorar a formación en materia de igualdade nos procesos de promoción interna.

**Liña 4. Igualdade retributiva**

Con esta liña de actuación búscase fomentar o principio de igualdade na retribución entre mulleres e homes no Concello da Coruña.

Como sinalan os resultados obtidos na diagnose, estas diferenzas non son resultado da segregación vertical, pois a presenza de mulleres en xefaturas e postos cun alto nivel de responsabilidade é ampla. Así, estas diferenzas están derivadas principalmente dos complementos salariais que se atopan estreitamente relacionados coa segregación horizontal.

Nesta liña de actuación, recóllense medidas dirixidas a garantir a igualdade salarial do persoal municipal.

**Obxectivo xeral**

OX 4	Manter un sistema retributivo no que se respecten os principios de obxectividade, equidade e non discriminación por razón de sexo.
------	--

**Obxectivos específicos**

OE 4.1	Garantir o principio de igual retribución por traballos de valor equivalente.
--------	---

**Liña 5. Conciliación e corresponsabilidade**

A nivel social estanse a facer grandes esforzos para sensibilizar sobre a necesidade de corresponsabilizarse e, polo tanto, compartir equitativamente os traballos domésticos e de coidados. Sen embargo, seguen a prevalecer os roles e mandatos de xénero e os estereotipos sexistas, de forma que as mulleres seguen asumindo unha dobre xornada: a laboral e a do fogar. Tal e como se recollen nos traballos de diagnose, son maioritariamente as traballadoras as que continúan a solicitar as medidas para a conciliación e as reducións de xornada para o exercicio de labores de coidados.

Por isto, faise necesario que o Concello da Coruña siga apoiando ao persoal municipal na facilitación para a conciliación, como leva facendo ao longo de todos estes anos, facéndolle fronte ás graves consecuencias negativas que teñen para as persoas a falta de medios para conciliar, contribuíndo a unha sociedade máis igualitaria e, polo tanto, máis xusta. Nesta liña de actuación recóllense medidas encamiñadas a sensibilizar en igualdade e corresponsabilidade, fomentando a responsabilidade compartida e facilitando a conciliación para acadar un maior grao de autonomía.

**Obxectivo xeral**

OX 5	Fomentar a corresponsabilidade entre o persoal traballador, difundindo e dando a coñecer as diferentes medidas de conciliación para a vida persoal, familiar e laboral coas que conta o Concello da Coruña.
------	---

**Obxectivos específicos**

OE 5.1	Fomentar entre o persoal traballador o uso dos dereitos e permisos dirixidos ao fomento da corresponsabilidade.
OE 5.2	Realizar seguimento con perspectiva de xénero en relación co desfrute das medidas de conciliación.
OE 5.3	Difundir entre todo o cadro de persoal municipal as medidas de conciliación da vida laboral, familiar e persoal recoñecidas legalmente e as melloras establecidas polo Concello.

**Liña 6. Saúde laboral e prevención de riscos laborais**

A estratexia comunitaria da Unión Europea en termos de saúde recolle que as desigualdades de xénero poden afectar á saúde e á seguridade das mulleres polo que, para realizar progresos en materia de igualdade, cómpre ter en conta os aspectos relacionados especificamente coas mulleres.

Unha vez detectadas as desigualdades de xénero e analizada a súa influencia sobre os riscos laborais, o seguinte paso é aplicar políticas preventivas de saúde laboral que contribúan á erradicación das desigualdades de xénero neste ámbito. Así, nesta liña de actuación recóllense medidas dirixidas a avanzar na eficacia e efectividade na prevención de riscos laborais con perspectiva de xénero, mellorar as condicións de traballo e acadar a igualdade de oportunidades. Polo tanto, o compromiso do Concello da Coruña neste eido é coa mellora da calidade de vida de todo o seu persoal traballador.

**Obxectivo xeral**

OX 6	Contribuír a mellora da saúde e calidade de vida do persoal municipal mediante a información e prevención, promovendo condutas e hábitos saudables e integrando a perspectiva de xénero.
------	--

**Obxectivos específicos**

OE 6.1	Establecer medidas para detectar e corrixir os riscos que afectan ao persoal traballador, con perspectiva de xénero.
--------	--

**Liña 7. Prevención do acoso e actuación fronte á violencia de xénero e outras violencias machistas**

As violencias contra as mulleres no ámbito laboral exércense en forma de acoso por razón de sexo e acoso sexual, e, tal e como reconece o marco legal vixente en Galicia, teñen a consideración de violencia de xénero. As entidades, tanto do eido público como do privado, están na obriga de poñer en marcha accións dirixidas á súa prevención e, en caso de que se dean, actuar fronte a elas, pois teñen repercusións nas esferas psicolóxica, familiar, laboral, social e persoal da persoa que as sofre.

É necesario que se fomente o coñecemento sobre o protocolo fronte ao acoso, os procedementos para a tramitación das denuncias, as responsabilidades legais das persoas agresoras, os dereitos das persoas expostas a este tipo de violencias, a identificación de condutas que son formas de acoso, os recursos cos que conta o Concello en materia de violencia de xénero etc.

Deste xeito, as medidas que se recollen nesta liña de actuación van dirixidas a contribuír ao cambio de valores dentro da Administración municipal, a previr e detectar as violencias e, en caso de que se dean, actuar fronte a elas e reparar ás persoas que as sofren, impulsando diferentes ferramentas e espazos de atención dentro do Concello da Coruña, así como dando cumprimento aos dereitos cos que contan.

**Obxectivo xeral**

OX 7	Promover unha contorna laboral exenta de violencias machistas.
------	--

**Obxectivos específicos**

OE 7.1	Promover accións formativas e de prevención fronte ao acoso sexual, acoso por razón de sexo e demais violencias machistas.
OE 7.2	Actualizar o protocolo de acoso adaptándoo ás novas realidades.
OE 7.3	Atender e acompañar ás traballadoras vítimas de violencia de xénero.

## PLAN DE ACCIÓN

A continuación recóllense as medidas que vertebran as diferentes liñas estratéxicas deste IV Plan de Igualdade.

En cada liña de actuación establécense unha serie de obxectivos específicos nos que se concretan as diferentes medidas que serven de guía da política municipal en materia de igualdade. Estas medidas van acompañadas dunha serie de indicadores para o seu seguimento, están calendarizadas ao longo do tempo de vixencia do Plan, e inclúen as áreas responsables para a súa implementación.

### ➔ Liña 1. Transversalización e sensibilización municipal da perspectiva de xénero

<b>MEDIDA 1.1.</b>	<b>Recoñecemento das Boas Prácticas por parte do Concello ás áreas con maior implicación na incorporación do enfoque de xénero.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Afondar e afianzar no concepto e aplicación do principio de transversalidade na planificación, xestión e funcionamento das políticas públicas do Concello.			
<b>Área responsable</b>	Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 ☒	2024 ☒	2025 ☒	2026 ☒
<b>Indicadores</b>	Solicitude (si/non) Recoñecemento (si/non)			

<b>MEDIDA 1.2.</b>	<b>Aplicación da Ordenanza Municipal de Igualdade e a Instrución de Transversalidade.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Afondar e afianzar a aplicación do principio de transversalidade na definición e planificación das políticas públicas do Concello, así como na súa administración, xestión e funcionamento.			
<b>Área responsable</b>	Todos os servizos			
<b>Temporalización</b>	2023 ☒	2024 ☒	2025 ☒	2026 ☒
<b>Indicadores</b>	Nº e tipo de medidas executadas			

<b>MEDIDA 1.3.</b>	<b>Establecemento nos pregos de contratación, como criterio de desempate, a preferencia na adjudicación a aquela entidade ou empresa que cumpra coas directrices relativas á promoción da igualdade efectiva entre mulleres e homes.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Afondar e afianzar a aplicación do principio de transversalidade na definición e planificación das políticas públicas do Concello, así como na súa administración, xestión e funcionamento.			
<b>Área responsable</b>	Contratación, Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 ☒	2024 ☒	2025 ☒	2026 ☒
<b>Indicadores</b>	Nº de pregos nos que se incluíron cláusulas sociais de igualdade % sobre o total de pregos Nº e tipo de cláusulas Nº e tipo de entidades beneficiadas			

<b>MEDIDA 1.4.</b>	<b>Fomento da participación do persoal municipal en cursos centrados materia de igualdade de xénero e en materia de prevención, detección e actuación fronte as violencias machistas.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello			
<b>Obxectivo Específico</b>	Afondar e afianzar no concepto e aplicación do principio de transversalidade na planificación, xestión e funcionamento das políticas públicas do Concello.			
<b>Área responsable</b>	Recursos Humanos, Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 <input checked="" type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input checked="" type="checkbox"/>	2026 <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicadores</b>	Nº de persoas participantes desagregado por sexo			

<b>MEDIDA 1.5.</b>	<b>Posta en marcha dunha canle de recollida de suxestións para que o cadro de persoal poida trasladar as súas demandas, propostas... en materia de igualdade, conciliación, saúde laboral etc.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.			
<b>Área responsable</b>	Informática, Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 <input type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input checked="" type="checkbox"/>	2026 <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicadores</b>	Creación (si/non) Nº de consultas Nº de accións de difusión realizadas Tipo de accións de difusión realizadas Canles empregadas			

<b>MEDIDA 1.6.</b>	<b>Definición dun sistema de indicadores para a recollida de información que permita recompilar de forma sistemática datos do cadro de persoal (contratación, formación, saúde laboral etc.) desagregados por sexo.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.			
<b>Área responsable</b>	Informática, Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 <input checked="" type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input type="checkbox"/>	2026 <input type="checkbox"/>
<b>Indicadores</b>	Nº e tipo de indicadores elaborados Datos recompilados desagregados por sexo			

<b>MEDIDA 1.7.</b>	<b>Elaboración de estudos con perspectiva de xénero nos plans, proxectos e estratexias municipais de relevancia social e/ou económica.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello			
<b>Obxectivo Específico</b>	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.			
<b>Área responsable</b>	Todos os servizos			
<b>Temporalización</b>	2023 <input type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input checked="" type="checkbox"/>	2026 <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicadores</b>	Nº de estudos con perspectiva de xénero			

<b>MEDIDA 1.8.</b>	<b>Adaptación das ferramentas de xestión e documentos para que cada servizo rexistre información das persoas usuarias desagregada por sexo e outras variables de interese, coa posterior finalidade de elaborar memorias de xestión e informes con perspectiva de xénero.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello.			
<b>Obxectivo Específico</b>	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.			
<b>Área responsable</b>	Informática, Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 <input type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input checked="" type="checkbox"/>	2026 <input checked="" type="checkbox"/>
<b>Indicadores</b>	Adaptación de ferramentas (si/non) Recompilación de datos desagregados (si/non) Nº e tipo de servizos participantes % de servizos participantes sobre o total			

<b>MEDIDA 1.9.</b>	<b>Mellora das estratexias informativas e de difusión dirixidas a dar a coñecer os recursos, medidas e accións en materia de igualdade cos que conta o Concello da Coruña.</b>			
<b>Obxectivo Xeral</b>	Potenciar a transversalidade da perspectiva de xénero en todas as áreas municipais do Concello			
<b>Obxectivo Específico</b>	Establecer instrumentos de seguimento da aplicación da transversalidade nas distintas áreas.			
<b>Área responsable</b>	Igualdade			
<b>Temporalización</b>	2023 <input type="checkbox"/>	2024 <input checked="" type="checkbox"/>	2025 <input checked="" type="checkbox"/>	2026 <input checked="" type="checkbox"/>
